

O DÍA DAS TORRES

MARTES, 11 DE SETEMBRO DE 2001

Eu flipaba. Aínda que non sei se flipaba máis coa televisión ou coa vella. A vella, que sempre di que todo o que botan pola televisión é unha trapallada, levaba varias horas sen apartar a cabeza da pantalla. Non dicía nada, só miraba, aparvada, como aqueles dous avións se esnafraban unha e outra vez contra as torres de Nova York igual ca nun xogo da game boy. Mirábao tantas veces como o botaban e botábano de seguido, porque eu, ademais, facía zapping para pillar as cadeas que repetían aquelas imaxes alucinantes. A vella parecía unha zombi; nunca a vira tan abstraída. Nin sequera se decatou cando prendín un pito e o fumei alí á súa beira, na casa, que nunca me deixa, a condenada da vella, a miña avoa, que di que aínda non teño anos para fumar e moito menos diante dela. Eu flipaba, claro. Pero estou certo de que ela flipaba moito máis ca min. Non había unha soa cadea que estivese con outra cousa. Todas repetían o mesmo, ata fartarse, ata a estupidez, pero o mellor de todo era que ninguén sabía que carallo estaba a pasar. O mundo enteiro estaba alucinado, pampo. Ninguén cría o que vía. Parecía unha película de ciencia ficción. Star Treck. A guerra das galaxias. Mars Attack. O imperio contraataca. Blade Runner. Era como un videoxogo. Coma se alguén descoñecido estivese a xogar unha partida contra os americanos na game boy.

...para lles repetir a película dos feitos: eran as nove menos cuarto da mañá en Nova York cando un Boeing de American Airlines se esnafraba contra unha das Torres Xemelgas do World Trade Center. O que inicialmente parecía un accidente repetiuse vinte minutos máis tarde. Outro avión imitaba a espectacular acción do anterior segando, coma se fose un coitelo, a segunda das Torres Xemelgas. A penas unha hora despois os dous rañaceos derrubábanse coma...

Eu, por me divertir, mandeille unha mensaxe polo móbil a Olga, que me contestou axiña e tamén estaba flipada con todo aquilo. Logo mandeille outra a Jonathan, por se non estaba ao loro. Olga é unha paviña moi guai. Coñecina hai pouco, no ciber, e creo que estou colgado por ela. Os meus colegas non a

tragan, porque son uns bordes; din que é unha tía rara. E non é rara, o que pasa é que foi anoréxica e ten moitas comeduras de coco. Pero tamén as ten a vella e iso que ten máis anos que dios. O día dos ataques parecía unha momia, a vella, tan silenciosa e aparvada, diante da televisión, vendo caer as torres. Sen embargo, cando meu pai chama desde Canarias ben que lle dá o parte: que se non me ve estudar, que se volvo moi tarde á casa, que se non lle fago caso...

...o secretario norteamericano de defensa, Donald Rumsfeld, que se atopaba no interior do edificio do Pentágono no momento do ataque, asegurou que o presidente dos Estados Unidos, George Bush, foi trasladado lonxe de Wáshington para garantir a súa seguridade persoal e...

A vella é total. O día das torres, cando apareceu o vello na casa, que sempre está na rúa, claro, montoulle unha pirula á vella, como fai sempre que vén seco e quere alpiste. Pero esa vez montoulle unha das boas. Chegou a ameazala con matarse, o ghicho. Aínda que eu teño para min que se el se mata, ela feliz. O tipo non bateu nela porque xa non ten forza nin para erguer a man. E ademais tenme certo aquel a min, que estaba sentado ao lado dela e teño moito máis corpo ca el. Ben, pois a vella estaba tan flipada que nin sequera apartou a cabeza da pantalla do televisor. Ou se cadra non quixo apartala, non sei. Cando menos, foi quen de simular que non se decatara de nada. El, o meu avó, é un monte de merda, un borrachuzas que antes, cando tiña forzas e podía, batía nela coma un condenado. Agora está tan acabado que non pode nin co corpo. Se lle prendesen lume, a pel arderíalle nunha pira, de tanto alcohol como leva dentro. O ghicho, que nin sabía o das torres de Nova York nin creo que lle importase, fora onda ela para ver se lle sacaba a botella de caña, que lla ten agachada. Pero a vella, que tamén lle chimpa un grolíño de cando en vez, fixo coma se non o oíra. El montou en cólera. Bateu cando quixo na porta e logo tirou coa mesa do comedor a patadas. Finalmente apañou un coitelo da cociña e púxose a ameazarnos desde a porta. Aínda permaneceu alí un anaco, pero a vella facía coma se el non existise; fitaba para os avións que, unha e outra vez, non paraban de estrelarse contra as torres de Nova York. O vello non se atrevía a pasar da porta porque eu o miraba desafiante. A min tenme aquel, por moito coitelo que apañe e por moi novo que eu sexa. Ademais, é un cabrón. Un fillo de puta. Moito peor que os cabróns que secuestraron os avións.

MÉRCORES, 12 DE SETEMBRO DE 2001

Cando espertei doíame todo o corpo. Estaba sobre o sofá, eran as nove da mañá e adormecera moi tarde vendo a televisión de madrugada. Tiña o corpo baldado. Escarallado. A vella estaba a chamar por min desde a cociña. ¿Sabería que non fora para a cama? Ela estivera sentada alí comigo ata as dúas e media da mañá, todo o tempo sen dicir palabra. A esa hora ergueu o cu e dixo, santo dios, como está o mundo, esta vella vaise para a cama, filliño. E sen máis desapareceu camiño do sen cuarto. Agora estaba escarallado e ela berraba por min. Habitualmente érguese sobre as oito, así que me sorprendeu que xa fosen as nove da mañá. Supoñíase que eu debía estar xa no Instituto, pero como non tiña puñeteiras ganas de ir fun onda ela e conteille a trola de que suspenderan as clases polo das torres de Nova York. Non sei se lle deu creto, pero non dixo nada. Miroume en silencio. Eu estaba a temer que meu pai chamase ao mediodía e ela llo contase, porque meu pai si que non é parvo. Meu pai mállame, aínda que sexa a voces. Están en Canarias. Marchou alá hai catro anos a traballar na construción; miña nai foi canda el e finalmente collérona para a cociña dun hotel. A min deixáronme aquí, coa vella. Por min, mellor. Así non os teño aquí, a controlarme a todas as horas. Eu quero estar tranquilo.

Como dicía, a vella miroume en silencio. Logo díxome, Andrés, o teu avó non ven durmir á casa; se ás doce non está aquí vas ter que ir buscalo, non vaía facer algunha parvada. A min aquilo contrarioume: ¿Pero que parvada pode facer, avoa? Ademais, ¿onde carallo quería a vella que fose mirar por el? ¡Eu que sei por onde anda o vello!, díxenlle. E era verdade que non sabía. Seguramente, tirado por algunha daquelas tabernas de Cabral que eran como a súa casa. Pero a avoa teimou: hai que ir na súa procura, Andrés, que marchou co coitelo de matar os porcos debaixo do brazo e non é broma ningunha; ben sabes que o vello é capaz de calquera cousa. A avoa non era parva. Facíase pasar por parva pero non o era. O día anterior, a pesar dos puñeteiros avións e das torres de Nova York, ben que se fixara no que o avó facía ou deixaba de facer.

Díxenlle que si, que vale, á vella, e prendín a televisión. Na pantalla seguían as torres ardendo. Noutras cadeas había expertos que soltaban o rolo sobre as consecuencias do fregado e daban a súa opinión coma se estivesen alí.

...na súa primeira mensaxe ao pobo norteamericano, que non foi transmitida en directo, George Bush prometeu, citando palabras textuais, que Estados Unidos buscará, encontrará e castigará aos responsables destes actos covardes. A liberdade foi atacada por un covarde sen cara, dixo o máximo...

Xa eran as doce e media cando a vella apareceu onda min para dicirme que había que ir na procura do seu home. Nin mirou para a televisión. O das torres xa non parecía interesarlle. A min, francamente, non me facía graza ningunha ir por Cabral abaixo, ou por Vigo, vagando sen rumbo, de taberna en taberna, para ver se topaba co avó. Por min que morrese. Daquela ocorréuseme unha idea molona: pedinlle á vella que me deixase levar o coche de meu pai, coa desculpa de que, aínda que dese co malencarado do seu home, indo a pé ou no bus non habería quen o trouxese de volta. A vella ao principio dixo que non, pero logo, ante a miña teimosía, acabou por ceder; tamén lle fixen ver que se cadra tiña que ir ata Cangas, coa desculpa de que o vello era moi amigo dun taberneiro do Morrazo (ao que, por certo, ela non quería ver nin en pintura) que era xa o único que lle fiaba. Daquela, a avoa, con esa cara de pícara que pon cando quere, preguntoume, ¿e logo, ti tes carné, Andresiño? Teño, claro que teño —mentín—, ¿e logo? Enganala non sei se a enganei, pero o caso é que me deu as chaves do coche cunha condición: ela viña comigo. Non me fixo moita graza, pero coas ganas que eu tiña de lle poñer as mans enriba ao buga, non ía desaproveitar a ocasión. Ora, antes de marchar fíxome ir á casa dunha veciña a mirar no xornal a que hora era o Especial Luar Solidariedade con América, porque para esa hora, á noiteña, ela quería estar na casa para ver o programa. A miña sorpresa foi boa, e non porque a vella quixese ver o programa do Gayoso, senón porque dese por sentado que íamos estar todo o día fóra da casa, buscando o vello.

Por fin caeu nas miñas mans aquel sensacional Opel Astra que meu pai tiña morto de risa no garaxe, tapado cunha funda. A vella e mais eu partimos cara á aventura. Desgraciadamente, a primeira etapa da nosa aventura comezaba en Cabral. Pero quen baixaba do coche e entraba nas tabernas á procura do vello era eu e eu, francamente, non me apliquei demasiado en dar con el nin en preguntar, pois non tiña interese ningún en atopalo. En Vigo, tras rastrexar algunhas tascas do Calvario, a avoa quería metérsese nun sex shop, teimando que o avó por veces paraba nesa tasca. Finalmente logrei que enfilásemos para Cangas, convencendo á avoa de que o máis probable é que

o vello fose para aló. O que de verdade quería eu era conducir pola autoestrada. Ademais, ela pagaba.

Lino escoitaba a radio mentres recollía o billete dos pasaxeiros que subían na estación de Pontevedra. Abriu un botón da camisa porque tiña calor, e deulle volume ao aparato para escoitar mellor. Desde o día anterior, cando sucedera o das torres de Nova York, estaba pendente das noticias.

...as palabras do Secretario de Estado norteamericano, Colin Powell, que se atopaba en Lima co presidente Alejandro Toledo cando foi informado do acontecido en Nova York. Por outra banda, o secretario do Foreign Office británico confirmou xa o apoio incondicional de...

Os pasaxeiros tamén querían escoitar. O que estaba a pasar era increíble. Coma se o mundo se volvese tolo de súpeto. ¿Quen ía imaxinar algo así en pleno corazón de Nova York? O día anterior, a Lino coméranos os demos coas ganas de poder ver as imaxes na televisión, pero traballar co coche de liña tiña esas cousas e xa se afixera a informarse só a través da radio. Claro que cando andaba no camión era moito peor. Aínda se lembraba ben da Guerra do Golfo. Pilláranos naquela viaxe que fixera a Sevilla, con peixe espada, cando tiña a muller en Marín a piques de parir. ¡Que mala hostia collera por ter que facer unha viaxe naquelas circunstancias! E, dez anos despois, seguía ao volante. Polo menos agora conducía un Castromil e durmía todas as noites na súa cama. O camión impuxéralle un ritmo de vida insoportable. Decidírase a deixalo aquela noite que saía para Madrid desde O Berbés cun camión de peixe fresco e lle aparecera entre a carga o cadáver dun macarra do barrio, o Portugués. O xuíz inmovilizara o camión e el díxerase que aquela viaxe frustrada fora a derradeira. Precisaba cambiar de vida.

A parada en Pontevedra era breve e como xa subiran todos os pasaxeiros dispúxose a dar marcha atrás para reemprender viaxe, mentres escoitaba a radio ensumido nas lembranzas do pasado. Xusto nese instante, cando xa pechara as portas laterais e iniciaba a manobra, apareceu un vello, precipitándose sobre o autobús e batendo coa man na porta para que o condutor lle abrise. De mala gana, accionou o botón de apertura. O vello presentaba un aspecto desaliñado, tiña cara malhumorada, vermella, coma se estivese bébedo, e, de feito, en canto se lle achegou, Lino puido comprobar

queapestaba a alcohol. Mostroulle o seu desagrado dicíndolle, non é necesario bater nas portas, avó, e soltoullo de moi mala gana. O vello mirouno con desprezo ao tempo que deixaba caer varias moedas sobre o mostrador. Lino indicoulle que aquela cantidade non abondaba para pagar a viaxe a Santiago. Sen máis, o vello comezou a protestar en voz alta, case a berros, esbardallando, contra o mundo. Lino indicoulle que se lle parecía caro podía baixar do autobús. O vello, finalmente, sacou un billete do peto. Debaixo do brazo, e envolto en papel cartón levaba un obxecto punzante. Lino apurou para darlle a volta. Miraba de reollo para o paquete mentres o vello rosmaba. Por fin, o vello avanzou todo o corredor para se sentar na bancada do final, e o autobús reiniciou a manobra.

...tamén o Pentágono, que segundo as palabras do Secretario de Estado Colin Powell, é o símbolo do poder dos Estados Unidos e da forza dos norteamericanos, foi onte vítima do terrorismo cando o propio Secretario de Defensa, Donald Rumsfeld se atopaba no interior do edificio...

En canto pillei a autoestrada, metinlle caña a tope ao Astra. A vella non dicía nada. Era a terceira ou cuarta vez que eu poñía as mans sobre o volante do coche de meu pai, pero xa aprendera a conducir, e ben, nos bugas dalgúns dos meus colegas. Aínda que só un deles ten carné, os demais mánganlle o coche aos vellos cando non se decatan, maiormente cando saímos polas noites e os seus quedan na cama a durmir. Sorprendeume que a vella non dixese nada pola velocidade que eu collía (entrei a 160 na ponte de Rande), pero, sobre todo, sorprendeume que antes de chegar á saída do Morrazo me dixese, oes, mira filliño, ¿e logo ti non saberías ir a San Andrés de Teixido? Aquela pregunta levaba segundas e a min abríronseme tanto os ollos que non sei como non se decatou do meu entusiasmo. De seguido comezou a soltarme o rolo aquel de que ela nunca estivera alí e lle gustaría ir de viva porque non lle agradaba a idea de ir de morta, se cadra convertida en lagarto. A dicir verdade, San Andrés de Teixido era un sitio no que a min non se me perdía nada, pero molábame a posibilidade de conducir o buga ata alí, e mesmo a de enredar á vella para que á volta parásemos en Santiago. Se puidese zafarme dela unhas horas e ir de marcha sería un plan magnífico, moito mellor do que na véspera podía soñar para un día tan rutinario coma aquel. Non dubidei nin un segundo en lle dicir non só que podía levala perfectamente a San Andrés senón tamén que comigo ao volante chegaríamos nun periquete. Ela fíxome unha chiscadela e borbóriou, con certa complicidade, coma se a fose escoitar

alguén, ao teu avó que o parta un raio, que outra cousa non merece. Eu estaba totalmente de acordo.

Á velocidade á que iamos, pronto pasamos Pontevedra, co seu fedorento cheiro das celulosas, e enfilamos, autoestrada adiante, cara ao norte, logo de que eu consultase no mapa que había na guanteira como había que facer para chegar ao carallo do San Andrés ese que se lle antollara á vella. O teu santiño, dicíame a condenada cada pouco, para se desculpar.

A viaxe aínda foron unhas horas, pero a min fíxoseme curtísima. Polo camiño iamos escoitando música (eu levara varios cedés comigo, en previsión) ou a radio, que eu poñía moi alta, cando a avoa se fartaba da miña música, para que non me soltase o rollo.

...a sensación de estaren en guerra, sensación á que contribúe o peche dos centros financeiros, a presenza de barcos da armada norteamericana en Wáshington e Nova York, a evacuación masiva do sur de Manhattan, a mobilización da Garda Nacional e o colapso do transporte público neiorquino...

En canto había un intre de silencio, a vella largábame unha das súas historias. Se me despistaba empezaba, por exemplo, con ese rollo de, aínda me acorda cando apareceu na praia da Concheira o brazo de Arsenio Camelle, e eu veña a cortala, veña a dicirlle, iso xa mo contaches trinta veces, avoa, xa o sei de memoria. Eu non sei se son ganas de falar ou é que non controla. Para min que non controla. E ás veces non hai quen a ature. Ora, da velocidade á que eu ía non dixo nada. Iso si, unha boa parte do camiño foi empeñada en contarme historias de cando o meu pai era neno, e ao final confundíame a min co meu pai, e ao meu pai co cabrón do meu avó. Chegado un momento eu xa non sabía de cal dos tres falaba. Nomeábanos aos tres indistintamente. Máis tarde tomouna coa música. Non lle gustaban os meus cedés e deulle por farfullar o de sempre, que hoxe a música non vale un can, que antes si que había música de verdade e que, ademais, agora a xente non sabía bailar. De mala hostia, díxenlle que non tiña por que vivir nun tempo que non lle gustaba. Persignouse e calou. Pero despois dun longo silencio, ollándome de esguello, vai a ghicha e dime, ¿e logo non levas música de Ana Kiro?

Así transcorreu toda a viaxe. Cando nos demos conta, estábamos entrando

en Cedeira. Eu nunca estivera naquel sitio, bonito, luminoso, de casas brancas. A vila estaba en festas. Había moitísima xente polas rúas, postos con rosquillas, gominolas, froitos secos, con escopetas de balíns, tómbolas, coches de choque e ata unha boa montaña rusa. A vella fóronselle os ollos en canto viu as polbeiras; é unha lambona de carallo. Acouga, acouga, díxome, se cadra viña ben parar aquí para botarlle algo ao estómago. A verdade é que llo agradecín, pois a mediodía non xantamos e aquel lugar debía ser mellor que a aldea a onde a vella me quería levar para visitar o santo. Como ela devecía por un prato de polbo, que se lle van os ollos cada vez que o ve, sentamos nas banquetas dun daqueles chiringuitos a merendar. Pedimos unha de polbo e a condenada comía con tanta devoción que tivemos que pedir outra. E entanto picaba no polbo con aquel entusiasmo, asegurábame que non quería tomar demasiado porque non lle era bo para o colesterol. Tamén deu conta dunha xerra de viño tinto ao tempo que ollaba para min de xeito recriminatorio porque eu papaba o polbo cunha cervexa, que a min o viño non me mola un carallo. Logo da enchenta, a vella teimaba en ir mercar unhas rosquillas, pero os meus plans só pasaban por ir a un ciber e mandarlle un mail a Olga para lle contar onde me atopaba e a película que me estaba montando. Ía flipar. Así que convencín a vella para que désemos un paseo pola vila ata que logrei localizar un ciber. Por sorte, a vella non quixo entrar comigo ao ciber; quedou á porta, entre as motos da rapazada e un par de parellas que había sentadas sobre a beirarrúa dándose o lote. Eu controlábaa desde dentro. Aínda que por min, que se perdese, así eu quedaba libre. Pero non parecía aburrida pola espera, a ghicha. Máis ben estaba encantada con toda aquela algarabía ao seu redor. Ela pensou que eu estaba aí dentro botando unha partida á máquina. En Cabral, preto da casa, hai unha sala de xogos á que os colegas imos con frecuencia, e a ela iso do ciber non lle dá entrada. Nin sequera sabe o que é internet. Na súa época non había, claro. E a ela todo o que non é da súa época non lle gusta. Salvo a televisión. ¡Hai que ver como flipou co das torres de Nova York.

Cando saín da ciber (seguro que Olga alucinou cando recibiu o mail) fomos buscar as rosquillas. A min non me van, son secas coma un pao, pero ela perde o cu por unha. Papou dúas e meteu o resto na faldriqueira. Logo aínda demos un bo paseo entre as tómbolas e os coches de choque, mentres a avoa o miraba todo, que estaba encantada, ben se lle vía. Non sei xa que hora era cando me propuxo ir tomar un marisquiño. Namais unhas necoríñas e uns percebiños, dixo. Cousa humilde. E logo, chiscándome o ollo engadiu: abusar

delas non é bo para a saúde. E brillábanlle os ollos coma faíscas. ¡Carallo! Aquela non parecía a miña avoa, tan cómplice, tan distinta. Por amolala un pouco (que me gusta facelo) díxenlle que de seguir así non iamos dar chegada a San Andrés de Teixido. Ela miroume toda seria e dixo, San Andresiño pode esperar, fillo; percebes coma os de acó non os hai en sitio ningún. Eu non lle levei a contraria. Así que procuramos un restaurante e sentamos nunha mesa, a axustar contas coas nécoras e os percebes. Parecía que a vella saíra con cartos da casa. E estábaa gozando, carallo. Se non fose polo fortuíto que foi todo, eu diría que aquela excursión debía tela ela ben proxectada antes de saír da casa.

O Especial Luar Solidariedade con América empezou cando estabamos dando conta dos percebes. A pesar de que a televisión do restaurante estaba posta, a vella xa se esquecera completamente do programa. Emitíano en directo desde o Multiusos do Sar. Ela, cando ve a Gayoso, non ten ollos para outra cousa. Debe ser como o santo do Teixido, pero pola tele. Claro que non deixou de mallar nos percebes nin un instante. Xa pasara un bo anaco (e aínda seguíamos nos percebes) entanto o Gayoso falaba con galegos de Nova York e presentaba varios deses espectáculos que monta no seu show, cando se escoitou como unha persoa, saída de entre o público, falaba para o presentador, berrando que a súa muller o maltrataba e non lle daba de comer nin de beber. Ao principio pensamos que aquilo formaba parte do show, porque o parvo do Gayoso sorría, e tamén o pensou o cámara porque nos enchufou un primeiro plano do individuo que berraba. En canto o viu, a vella quedou demudada. Era o cabrón do vello. O avó. Fillo de puta. Na man dereita tiña o coitelo de matar porcos, e aseguraba a berros que a súa muller o maltrataba. Iso foi todo o que vimos, porque axiña cortaron a emisión e meteron publicidade. Pero abondou para que á avoa se lle atragoasen os percebes e lle cambiase a cara. A nosa viaxe rematara. Saímos a toda hostia co Astra, en dirección a Santiago. A vella quería ir ao Multiusos do Sar para averiguar que carallo fixera aí o cabrón do seu home. Para min, era a desculpa perfecta para conducir fungado.

Lino entraba en Santiago co Castromil e nuns minutos chegaría á estación de autobuses. Eran xa perto das once da noite, a última viaxe da xornada. Aínda tiña que deixar os pasaxeiros, facer o parte da viaxe e buscar ao compañeiro que o levaría de volta a Marín. Pasaba á altura de San Caetano e dispoñíase a coller a Avenida de Lugo cando viu un coche que saía coma unha

bala de non se sabía onde. O coche atravesóuselle diante, fixo un manobra brusca, freou con intensidade e acabou empotrándose contra o lateral do autobús. Ao sentir o golpe, levou as mans á cabeza. Un accidente, era xusto o que lle faltaba a esas horas, cando quería marchar para a casa. Maldiciu a súa sorte e bateu os puños con rabia no volante antes de baixar a ver os danos. Un rapaz con cara de crío seguido dunha vella malhumorada saíron do coche que provocara a colisión.

Eu aínda non sei como foi o accidente, non podería dicir que pasou. Só sei que se me foi o coche, pero non entendo o motivo. Xa estabamos entrando en Santiago e iamos ao Multiusos do Sar. O caso é que o coche se me foi e batemos contra un autobús. A hostia foi de carallo. Home, a modo non ía, pero non entendo como se me puido ir o maldito Astra. Tiña que haber algo no firme da estrada. O primeiro que se me veu ao pensamento foi a malleira que me ía meter o meu pai en canto puidese. O condutor do autobús saíu coma unha besta. Non sei que mosca lle picou, porque tampouco era para tanto. O problema foi a vella; pola súa culpa acabamos todos na comisaría. O condutor do autobús estaba tan excitado e berrábame tanto que ela saíu na miña defensa. De súpeto, sen mediar palabra, apañou un paraugas vello que estaba no asento de atrás do coche e comezou a mallar canto quixo no chofer do autobús. O tipo cubríase coas mans e berráballe á vella para que parase, pero ela aínda lle deu paos de carallo. Tantos, que el a empurrou con forza contra o coche e a vella caeu ao chan, perdendo o sentido uns segundos e facéndose sangue no nariz. Así que non é de estrañar que ao final aparecese por aí un coche da policía e acabásemos todos na comisaría. E foi alí, na mesma sala onde nos recluirón aos tres, onde atopamos ao vello. O cabrón do avó tamén estaba aí, só, sen o seu coitelo de matar porcos. En canto o descubriu, a vella enmudeceu e xa non volveu abrir a boca en todo o tempo que permanecemos aí. El tampouco falaba. Só o chofer seguía empeñado en esclarecer a manobra do accidente e en deixar claro que lle fastidiara o día e que eu era o único culpable. Pero, para daquela, a min tanto me tiña. Sabía que me esperaba unha boa e a súa voz resultábame un bisbeo. Dun despacho próximo chegaba o son dun aparello de radio. Desde América, unha voz informaba das novidades. Nova York continuaba cuberta por unha mesta manta de fume. Os mortos contábanse por milleiros entre as cinzas das torres, esas mesmas que na televisión estaban aínda en pé mentres aqueles avións seguían esnafrándose continuamente contra elas.